

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DENTRO DO PLAN CUADRIENAL 2021/2024 DE MEMORIA DEMOCRÁTICA EN GALICIA 2024.

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, en virtude do seu cargo de conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

E doutra parte, D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

As tres partes recoñécense, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, configurada como órgano de apoio e asistencia á Presidencia é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea, deportes e mobilidade e



deportes, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Xustiza exercer as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia, relativas aos medios persoais, económicos e materias ao servizo da Administración de xustiza, á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades. No exercicio das súas competencias correspóndelle a este órgano as relacións ordinarias cos órganos do poder xudicial, co Ministerio de Xustiza e coas demais institucións relacionadas co ámbito xurisdiccional.

Pola súa banda, de conformidade co artigo 33 j) do Decreto 136/2024, do 20 de maio, correspóndelle á actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, a representación da Comunidade Autónoma no que atinxe ás relacións institucionais coa Administración e Goberno estatal, así como coas restantes administracións e gobernos doutras comunidades autónomas. Así mesmo, ao abeiro do artigo 33 p) do Decreto 136/2024, do 20 de maio, correspóndelle, a coordinación, xunto cos órganos competentes dos demais departamentos, de programas de cooperación en materia de memoria democrática con outras comunidades autónomas, corporacións locais e outros organismos.

Segundo.- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o departamento da Xunta de Galicia a quen lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, a protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e a xestión das actuacións en materia de xuventude, participación e voluntariado.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude está impulsando a realización da Memoria Dixital de Galicia, en colaboración cos axentes implicados na xestión do patrimonio cultural galego, baixo a denominación das institucións da memoria, entre os que están o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Instituto de Estudos Galegos



Padre Sarmiento ou as universidades públicas galegas. Trátase dunha iniciativa para crear un novo modelo de xestión e conservación do patrimonio cultural galego baseado nas TIC, que garanta a súa preservación, difusión e a accesibilidade desde calquera lugar do mundo. O obxectivo é consolidar un fondo dixitalizado do patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, custodiado e albergado no CPDI da Cidade da Cultura de Galicia no Monte Gaiás.

Outra iniciativa paralela é a que ten por obxectivo conservar e divulgar todo o patrimonio documental e arquivístico de Galicia contido nos fondos documentais vinculados á Guerra Civil española e a posguerra, que están custodiados nos arquivos históricos que xestiona a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Mediante un proceso de identificación e dixitalización quérese protexer e difundir todo este patrimonio documental e arquivístico que custodia Galicia e que levarán progresivamente ata chegar tamén ao período da Transición Democrática. Esta acción súmase á que se vai a levar a cabo dentro do Plan cuadrienal 2021/2024 de Memoria Democrática en Galicia, obxecto deste convenio, para a busca e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil ou a represión política posterior.

Terceiro. A USC é unha entidade que desenvolve actividades de investigación, formación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. As actividades a desenvolver no marco deste convenio serán realizadas polo Grupo HISTAGRA (Historia Agraria e Política do Mundo Rural. Séculos XIX e XX), un grupo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) cualificado polo Sistema Universitario de Galicia de Referencia Competitiva desde o ano 2006, condición que renovou en 2010, 2013 e 2017. O Grupo Histagra está composto por 34 membros, dos que 32 son investigadores 2 persoal de apoio. Como persoal externo teñen 15 doutores e 4 persoal en formación.

O Grupo Histagra levou a cabo o proxecto de investigación "Nomes e Voces", que naceu ao abeiro dos traballos que se realizaron ao redor do Ano da Memoria en 2006, promovido pola Xunta de Galicia. Neste proxecto estudouse a represión franquista durante a Guerra Civil e a ditadura, e ofreceuse á sociedade os datos relativos ás persoas que sufriron algún



tipo de persecución por mor da súa ideoloxía ou da súa posición favorable á democracia republicana. Esta tarefa abórdouse desde a perspectiva da investigación histórica, como parte do interese dos especialistas polo tema da Guerra Civil e da represión. Para o desenvolvemento deste proxecto púxose en funcionamento un grupo de investigación onde estiveron presentes os máximos especialistas na temática da represión en Galicia. O Grupo Histagra conta cun sólido coñecemento derivado da investigación realizada que serviu de punto de partida para levar a cabo as tarefas previstas no Plan Cuadrienal de Memoria Democrática (2021-2024) en Galicia, para a busca e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil ou a represión política posterior. Deste xeito, o Grupo Histagra foi o encargado de realizar en 2021, 2022 e 2023 as actuacións dentro do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática.

Cuarto.- A Secretaría de Estado de Memoria Democrática tras o acordo do consello Territorial de Memoria Democrática do 6 de xuño de 2024, fixou os criterios de reparto e a distribución dos créditos destinados en 2024 ás Comunidades e Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla para a realización das seguintes actuacións de Memoria Democrática:

- Tarefas de localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura (liña 1).
- Actividades de divulgación dos traballos efectuados e resultados conseguidos (liña 2).
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos (liñas 3).

O crédito destinado á Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 ascende a 76.364,67 €.

Quinto.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela teñen un interese común e coincidente na realización de accións conxuntas para poñer en marcha as accións previstas, en 2024, dentro do Plan cuadrienal (2021-2024) que o Ministerio de Política



Territorial e Memoria Democrática está a impulsar para a busca e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil ou a represión política posterior.

Polo exposto, as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2024, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo en 2024 as tarefas do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática (2021-2024).

Este Plan cuadrienal integra tres liñas estratéxicas fundamentais das políticas públicas de Memoria Democrática que se pretenden desenvolver ao longo do período (2021-2024), aínda que os seus obxectivos sexan revisables de forma anual. Estas liñas estratéxicas son:

- Localización, exhumación e identificación de vítimas.
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos.
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria.

O custo das actuacións que se levarán a cabo en 2024, dentro destas liñas estratéxicas, pola Comunidade Galega ascende a 76.364,67 € + os remanentes das anualidades de 2022 e 2023 que se executarán en 2024 dentro da liña 3: Dignificación, polo que o custo total das actuacións ascende a 77.687,36 €.

Remanentes das anualidades de 2022 e 2023 que se executan en 2024	Importe do remanente	Liña estratéxica onde se utilizará en 2024
2022	149,86	Liña 3: Dignificación
2023	1.172,83	Liña 3: Dignificación
Total	1.322,69	



Por parte da USC, a través do Grupo Histagra, que ten como IP ao Catedrático de Historia Contemporánea Lourenzo Fernández Prieto, coordinarase un equipo de investigación que desenvolverá os traballos en tres fases, definidas polas seguintes actuacións:

- Actualización dos datos sobre fosas, documentación e localización.
- Mantemento e actualización do portal <http://fosas.nomesevoces.net/> onde se amosan os contactos para as familias e asociacións, así como o traballo do equipo proposto.
- Coordinación de traballos de exhumación e atención a familiares e asociacións para a recollida de datos, documentos e mostras forenses.
- Investigacións preliminares e informe final: Documentación, coñecemento, entrevistas, arquivos.
- Intervención arqueolóxica das fosas designadas para exhumar.
- Investigación forense dos restos humanos a través do IMELGA.
- Análise xenético dos restos a través do Instituto "Luís Concheiro" de Ciencias Forenses USC.

Liñas e espazos de actuación do Plan de Memoria Democrática 2024 en Galicia:

Liña 1: Localización, exhumación, identificación de vítimas

Liña 1: Localización, exhumación, identificación de vítimas. Fosa de **Santa María do Val (Narón)**. Fase II

As investigacións históricas e sondeos arqueolóxicos e de xeorradar, feitas ao abeiro do Plan de Memoria Democrática 2023 -Santa maría do Val Fase I- identifican, como mínimo, 51 persoas que foron inhumadas en diferentes fosas no cemiterio do Val, entre 1936 e 1938 (a gran maioría mariñeiros, suboficiais e oficiais de distintas embarcacións como o vapor Domine ou o Acorazado España). Trátase dunha das fosas mais grandes



de Galicia, vinculada co Golpe en Ferrol e na súa contorna, como capital do departamento marítimo do Norte, un punto estratéxico para os golpistas.

<https://nomesevoces.net/lugares/fosas/48/fosa-de-santa-maria-do-val>

<http://vitimas.nomesevoces.net/>

Liña 1: Localización, exhumación, identificación de vítimas. Fosa do cemiterio de **San Miguel de Cabreira (Salvaterra de Miño)**. Fase I

Trátase dunha fosa onde poderían estar entre cinco e seis persoas. Todos eles constan como "descoñecidos" no rexistro civil de defunción de Salvaterra. A tipoloxía do asasinato foi o que comunmente se denomina "Paseo". Por fonte orais e familiares podemos afirmar que estes descoñecidos son os asasinados de Moaña en 1936, entre eles Manuel Cancela Corrales e Manuel María Blanco Costa.

<https://nomesevoces.net/lugares/cartografia/fosas/86/fosa-do-cemiterio-de-san-miguel-de-cabreira>

Ficha persoal do "descoñecido 1" en Nomes e Voces; Ficha persoal do "descoñecido 2" en Nomes e Voces; Ficha persoal do "descoñecido 3" en Nomes e Voces ; Ficha persoal do "descoñecido 4" en Nomes e Voces; Ficha persoal do "descoñecido 5" en Nomes e Voces

Liña 1: Localización, exhumación, identificación de vítimas. Fosa do cemiterio de **San Vicente de Soutelo (Salceda de Caselas)**. Fase I

Trátase dunha fosa en cemiterio onde se atopan os restos de seis persoas asasinadas en 1936: Modesto Barreiro Cudillas; José Corral Yáñez; Ramón Pérez Cabaleiro; Severo Boente; Manuel Fernández Diz; Antonio Domínguez González. A tipoloxía de asasinato é a que comunmente se denomina "Paseo". Os asasinados eran naturais e veciños de O Porriño (Pontevedra)

<https://nomesevoces.net/lugares/cartografia/fosas/88/fosa-de-san-vicente-de-soutelo>

Ficha persoal de Severo Boente ("El Mataganchas") en Nomes e Voces; Ficha persoal de Ramón Pérez Cabaleiro en Nomes e Voces; Ficha persoal de José Cordal Yáñez en



Nomes e Voces; Ficha persoal de Modesto Barreiro Cudillas en Nomes e Voces; Ficha persoal de Manuel Fernández Diz en Nomes e Voces; Ficha persoal de Antonio Domínguez González en Nomes e Voces

Liña 2: Divulgación de traballos efectuados e resultados obtidos

Liña 2: Divulgación de traballos efectuados e resultados obtidos. Estudo histórico e impacto da violencia franquista en Celanova: A fosa de San Breixo. Fase II

Trátase de sacar o estudo académico comezado na fase I en 2023 contando cos membros do Plan de Memoria así como de investigadores especializados da Universidade de Santiago de Compostela onde se realice, a propósito dos resultados obtidos nos traballos da fosa , un estudo máis polo miúdo da violencia franquista, o seu desenvolvemento e o seu significado e impacto. Aproveitamos nesta ocasión o peche das actividades nesta fosa e a entrega de restos aos familiares

<https://www.nomesevoces.net/recursos/informes>

Liña 2: Divulgación de traballos efectuados e resultados obtidos. Actualización da web nomesevoces cos resultados das novas exhumacións e actualización do mapa de fosas de galicia para o cuatrienio 2025-2028 do Plan de Memoria democrática

<https://www.nomesevoces.net/>

Liña 3: Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria

Liña 3: Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria. Traballos de recoñecemento do espazo da fosa común do cemiterio de Celanova (Ourense). Fase II

Trátase de sinalización do espazo que ocupou a fosa exhumada en 2022 no cemiterio de San Breixo. A intención é construír un memorial para sinalar o lugar así como un QR axeitado que leve á información da fosa que aparece na web do proxecto. As actuacións realizadas en 2023 supuxeron a entrega de restos a familiares en Asturias e nesta



segunda fase quedaría a realización do elemento conmemorativo. Trátase dunha peza artística que será común a todos os espazos a memorializar de Galicia que fosen intervidos coa axuda do plan de Memoria Democrática de Galicia

<https://www.nomesevoces.net/lugares/fosas/30/fosa-no-cemiterio-de-celanova>

Liña 3: Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria. Traballos de recoñecemento do espazo da fosa común do cemiterio de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Trátase de sinalización do espazo que ocupou a fosa exhumada en 2021 no cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa. A intención é Complementar o monumento xa existente que sinala o lugar e poñer un QR ou un método informático axeitado que leve á información da fosa que aparece na web do proxecto.

<https://www.nomesevoces.net/lugares/fosas/1/fosas-de-filgueira>

Liña 3: Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria. Traballos de devolución dos restos aos familiares do asasinado de Arnoia César Alberte Domínguez, tras as análises xenéticas realizadas e, 2022 e 2023. Preparación do espazo da fosa común do cemiterio de Filgueira (Crecente-Pontevedra) para unha posterior dignificación.

<https://www.nomesevoces.net/lugares/fosas/11/fosas-de-filgueira-3>

As tarefas de exhumación que se detallan son as aprobadas polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática. No caso de que por motivos alleos sexa imposible realizar as actuacións previstas nas fosas autorizadas, o Grupo Histagra comunicará esta circunstancia á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e, no seu caso, propoñerá as novas actuacións a realizar. A Xunta de Galicia analizará a proposta do Grupo Histagra e, no caso de considerala axeitada, solicitará ao Ministerio o cambio das actuacións a realizar. No caso de que o Ministerio autorice dito cambio, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, resolverá o cambio de actuacións aprobadas dende o Ministerio.



Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrência, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia, posto que o grupo Histagra, dependente da USC, é o único titular da investigación "nomes e voces", punto de partida para a realización dos traballos de investigación obxecto deste convenio, foi o encargado de realizar en 2021, 2022 e 2023 as actuacións dentro do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática 2021-2024 e ten a súa disposición os medios do IMELGA para a investigación da parte forense.

SEGUNDA.- Financiamento.

En función dos criterios de reparto orzamentario acordados na reunión do 6 de xuño de 2024, do Consello Territorial de Memoria Democrática, a Xunta de Galicia vai recibir o importe de 76.364,67 €; non obstante, neste exercicio 2024 tamén se contará cos remanentes comprometidos no exercicio 2022 (149,86 €) e no exercicio 2023 (1.172,83 €), e que foron incorporados ao exercicio 2024; polo tanto, o importe total para levar a cabo as tarefas do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática en Galicia no ano 2024 ascende a 77.687,36 €.

As ditas actuacións, que serán realizadas polo Grupo Histagra da USC, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 43.03.432B.640.0, código de proxecto 2021 00146, para o que existe crédito axeitado e suficiente unha vez aprobado o expediente de modificación de crédito.

A Universidade de Santiago de Compostela aportará o persoal, medios e loxística necesarios para a xestión das actuacións previstas na cláusula primeira do convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe de 77.687,36 €, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase e coincidirá co importe da xustificación presentada.

A dita achega financiará exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

TERCEIRA.- A Universidade de Santiago de Compostela



Mediante a sinatura deste convenio a Universidade de Santiago de Compostela comprométese a realizar as actuacións recollidas na cláusula primeira.

A Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

CUARTA.- A Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia colaborará nos custos derivados da realización das actividades obxecto deste convenio. O importe máximo a asumir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ascende a 77.687,36 €.

QUINTA.- Xustificación dos gastos e pagamento.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante: <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a correspondente achega, a Universidade de Santiago de Compostela presentará electronicamente, coa data límite do 15 de decembro de 2024 a seguinte documentación:



• Informe liña 1, relativo ás actuacións realizadas de localización, exhumación e identificación de vítimas, conforme ao modelo incluído no Anexo I da Resolución da Secretaría de Estado de Memoria Democrática, indicando especialmente:

- Número de estudos de localización de fosas realizados. Número de fosas identificadas.
- Número de individuos localizados.
- Número de peticións de exhumación rexistradas. Número de exhumacións realizadas.
- Número de proxectos de exhumación financiados ou impulsados. Número de prospeccións sen resultado positivo.
- Número de vítimas identificadas. Número de familiares atopados.
- Número de informes de identificación de vítimas e familiares (positivas/negativas)

• Informe liñas 2 e 3, relativo ás actividades desenvolvidas de divulgación dos traballos efectuados e resultados conseguidos, e de dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos.

• Certificación detallada de execución das actuacións realizadas e dos gastos realizados. O libramento da cantidade establecida no convenio realizarase, logo da presentación da certificación detallada dos gastos. En dita certificación deberase ter en conta o seguinte:

Separaranse os gastos correspondentes aos remanentes de 2022 (149,86 €) e aos remanentes de 2023 (1.172,83 €), dos gastos correspondentes á achega do Ministerio para 2024, 76.364,67 €.

Os gastos deberán desglosarse por proxecto e, dentro de cada proxecto, separaranse os gastos por liñas estratéxicas: exhumación e identificación; e divulgación e dignificación. Os gastos correspondentes aos remanentes comprometidos en 2022 e 2023 estarán diferenciados.



Segundo se vaian executando os distintos proxectos recollidos na cláusula primeira, o Grupo Histagra poderá presentar xustificación de gastos daqueles proxectos realizados e rematados.

Dado que o obxecto deste convenio é continuar en 2024 coas actuacións englobadas dentro do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática (2021-2024), aos efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados en decembro de 2023 que non se puideron presentar na xustificación do convenio asinado en 2023, así como gastos de 2024 anteriores á sinatura deste convenio que foron necesarios executar dando continuidade ás actuacións de 2023.

A Universidade de Santiago de Compostela responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

SEXTA.-Confidencialidade e transparencia

As partes acordan tratar confidencialmente todos os datos, a documentación e a información que fose subministrada á outra parte durante a vixencia do presente Convenio. Ambas as partes tamén acordan non divulgar esta información a ningunha persoa ou entidade, exceptuando os seus traballadores, coa condición de que tamén manteñan a confidencialidade e só na medida en que sexa necesario para a correcta execución deste Convenio.

O acordo de confidencialidade seguirá vixente incluso despois da extinción deste Convenio, sexa cal for a causa da devandita extinción.

Todo iso sen prexuízo do debido cumprimento, por ambas as partes, en atención á súa propia natureza, das obrigacións de publicidade e transparencia derivadas da normativa aplicable, en especial da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigacións da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o



texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Universidade acepta e consente a remisión do convenio, despois da súa firma, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SÉTIMA. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes.

Os traballo, informes e resto de material que resulten das actuacións obxecto do presente convenio, serán de titularidade e uso común da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da Universidade de Santiago de Compostela. Os resultados quedarán para futuras edicións e as partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Xunta de Galicia resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso a Universidade de Santiago de Compostela poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuito para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.



OITAVA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ou a persoa en quen delegue; polo director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ou a persoa en quen delegue; e polo reitor da Universidade de Santiago de Compostela ou a persoa que designe en substitución.

NOVENA.- Modificación denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



DÉCIMO PRIMEIRA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO SEGUNDA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).



DÉCIMO TERCEIRA.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo con o artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación sexta.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir en última instancia, as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).



Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO QUINTA. Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, podendo ser prorrogado de maneira expresa mediante as correspondentes addendas, cos límites establecidos no artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. .

Ao estaren as partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

Pola Consellería de Presidencia, Xustiza e
Deportes,

Diego Calvo Pouso

Pola Consellería de Cultura, Lingua e
Xuventude

José Carlos López Campos

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

Antonio López Díaz

